

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2018 pola que se amplía o crédito dispoñible para o exercicio 2018 das bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2017-2018, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 182, do 25 de setembro de 2017, publicouse a Resolución do 15 de setembro de 2017 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2017-2018, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

No punto cuarto do resolvo establécense os créditos dispoñibles, así como que o director xeral do Igape ampliará o crédito no caso de que o crédito actual sexa insuficiente para atender todas as solicitudes presentadas, logo de declaración da súa dispoñibilidade, nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución publicada para o efecto.

Tendo en conta que:

A programación correspondente á convocatoria está resultando de moita aceptación polo que se están a producir incrementos nos custos das accións realizadas que aconsellan un incremento de crédito para atender á demanda que se está a xerar.

Declárase a existencia de crédito dispoñible, pola existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Artigo único

Ampliar para o exercicio 2018 o crédito establecido na partida orzamentaria 09.A1-741A-7708 en 200.000 €, para as axudas do Igape para o desenvolvemento do Plan Foex-



ga 2017-2018, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, que queda establecido do seguinte xeito:

Partida orzamentaria	Ano 2017	Ano 2018	Total
09.A1-741A-7708	100.000	1.500.000	1.600.000

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

Juan Manuel Cividanes Roger
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

